

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

654 *Real decreto 38/2010, do 15 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

O Real decreto 1765/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica o Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, deu nova redacción ao artigo 14 do regulamento citado, ao cal engade un número 2 en que se recolle a posibilidade de que as mutuas poidan establecer entre si os mecanismos de colaboración e cooperación que sexan necesarios, mediante a posta en común de instrumentos, medios e servizos, coa finalidade de obter a maior eficacia e racionalización na utilización dos recursos xestionados por elas.

A posta en marcha, a raíz da publicación do real decreto citado, dalgunhas fórmulas de cooperación e colaboración entre mutuas, evidenciou a necesidade dunha regulación máis detallada dos diferentes aspectos que pode revestir a posta en común de medios por parte das mutuas, o que se leva á práctica mediante este real decreto, que incorpora ao regulamento citado un novo título –o III– en que se regulan as entidades e os centros mancomunados como instrumentos a través dos cales poden as mutuas levar a cabo a posta en común de medios e se recollen os aspectos esenciais da dita posta en común, aos cales se deberán adaptar e acomodar os seus estatutos.

Ao propio tempo, e na liña antes apuntada da maior eficacia e racionalización na utilización dos recursos públicos que xestionan as mutuas, considérase así mesmo precisa a modificación dalgúns dos mecanismos ou instrumentos previstos no Regulamento sobre colaboración para o exercicio da coordinación e tutela sobre as mutuas que corresponden ao Ministerio de Traballo e Inmigración, substituíndoos por outros máis flexibles e eficaces, e que contribúan a axilizar e facilitar a xestión das mutuas. A este obxectivo responden as modificacións que se introducen no artigo 12 do regulamento e a remisión que nel se fai ás disposicións de aplicación e desenvolvemento, nas cales serán obxecto de concreción os ditos mecanismos.

Nesta liña de racionalización de recursos e eficacia na xestión inscribíense así mesmo as modificacións do artigo 13, que fan referencia ao reforzo dos mecanismos de control, ás incompatibilidades e á separación efectiva das sociedades de prevención da xestión da Seguridade Social.

No procedemento de elaboración deste real decreto emitiu informe o Ministerio de Política Territorial, de acordo co previsto no artigo 24.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

O Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. *Servizos sanitarios e recuperadores.*

1. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social poderán establecer instalacións e servizos sanitarios e recuperadores para a prestación da asistencia debida e a plena recuperación dos traballadores incluídos no ámbito de protección das mutuas.

A utilización dos ditos servizos, en canto que están destinados á cobertura de prestacións incluídas na acción protectora da Seguridade Social e integradas no Sistema Nacional de Saúde, deberá estar coordinada cos das administracións públicas sanitarias.

A creación, modificación e supresión das referidas instalacións e servizos sanitarios e recuperadores requirirán a autorización do Ministerio de Traballo e Inmigración, logo de valoración e informe, preceptivo e determinante, das administracións sanitarias competentes acerca da situación e características das instalacións e servizos propostos e da súa adecuación ás finalidades que deben cumprir, e axustaranse ao establecido nesta materia na normativa específica que resulte de aplicación na comunidade autónoma onde se sitúen, e nas disposicións de aplicación e desenvolvemento. Se a creación ou modificación de instalacións e servizos sanitarios ou recuperadores levase consigo a realización de operacións patrimoniais, aplicarase o trámite establecido nos artigos correspondentes deste regulamento.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, entenderase por modificación de centros e servizos sanitarios e recuperadores toda actuación que se realice sobre estes e implique variacións substanciais no tipo de prestacións sanitarias dispensadas desde eles, independentemente de que leve consigo ou non cambios ou alteracións físicas das instalacións onde se sitúan.

Na planificación de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores aos cales se refiren os parágrafos anteriores, deberase ter en conta a participación da mutua, se é o caso, nas entidades e centros mancomunados regulados no título III deste regulamento.

2. As instalacións e servizos a que se refire o número anterior deberán reunir as condicións precisas para a correcta e eficaz prestación da asistencia a que están destinados. En tal sentido, as mutuas deberán acreditar ante o Ministerio de Traballo e Inmigración a suficiencia das ditas instalacións e servizos, outorgada polos órganos correspondentes das comunidades autónomas competentes na materia.

3. En caso de carencia ou insuficiencia de recursos propios, as mutuas, nos termos e condicións que establezan as disposicións de aplicación e desenvolvemento, poderán facer efectivas as prestacións sanitarias e recuperadoras ao seu cargo mediante concertos con outras mutuas, coas administracións públicas sanitarias ou con medios privados, que se comunicarán ao Ministerio de Traballo e Inmigración no prazo dun mes desde a súa formalización e se tramitarán, en canto sexa de aplicación, de conformidade coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

A formalización de concertos con medios privados requirirá a previa existencia de instalacións sanitarias en funcionamento que dispoñan da preceptiva autorización da autoridade sanitaria competente e que leven a cabo a prestación sanitaria ou recuperadora obxecto do concerto exclusivamente cos seus propios recursos, sen achega ningunha de medios persoais ou materiais por parte da mutua durante a vixencia do concerto. Non obstante, excepcionalmente e en atención ás circunstancias concorrentes, o Ministerio de Traballo e Inmigración poderá autorizar que os tratamentos cirúrxicos ou poscirúrxicos se poidan prestar con medios persoais propios das mutuas en centros hospitalarios concertados debidamente autorizados.

Os ditos concertos non poderán supoñer a substitución da función colaboradora atribuída a estas entidades nin posibilitar a utilización por terceiros, con fins lucrativos,

dos servizos ou das instalacións ou medios destas. En todo caso, a compensación que se estipule non poderá consistir na entrega dunha porcentaxe da cota.

As mutuas poderán concertar a prestación de servizos profesionais clínicos con persoas físicas ou xurídicas.

4. De igual forma, as mutuas poderán concertar a utilización das súas instalacións e servizos sanitarios e recuperadores por parte doutras mutuas e das administracións públicas sanitarias, así como polas entidades xestoras da Seguridade Social, conforme o disposto, en canto sexa de aplicación, na Lei 30/2007, do 30 de outubro.

5. Atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, o Ministerio de Traballo e Inmigración poderá autorizar ás mutuas a utilización dos seus medios sanitarios e recuperadores para a prestación de asistencia en supostos distintos dos previstos no número anterior.

6. As instalacións e servizos a que se refire o número 1 levarán libros de asistencias e de reclamacións, deberán levar ao día os datos sobre a súa actividade, estarán obrigados a achegar cantos datos e estatísticas lles sexan requiridos polos órganos competentes, e quedarán, así mesmo, sometidos á inspección e control das administracións públicas sanitarias.

7. Os ingresos que as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social poidan xerar nas instalacións e servizos sanitarios e recuperadores a que se refire este artigo, como consecuencia da dispensa de prestacións e servizos a persoas alleas ao seu colectivo de traballadores protexidos, terán, en todo caso, o carácter de recursos da Seguridade Social, integrados como ingresos nas pertinentes rúbricas contables orzamentarias.»

Dous. A letra d) do artigo 13.3 queda redactada nos seguintes termos:

«d) A actividade das sociedades de prevención desenvolverase con total independencia e autonomía dos servizos de que dispoñan as mutuas para a prevención dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais a que se refire o número 1. Para estes efectos, deberá dispoñer da organización, das instalacións, do persoal propio e dos equipamentos necesarios para o desenvolvemento da actividade. Neste sentido, ningún traballador ao servizo da mutua, calquera que sexa a súa categoría, poderá percibir retribución, incentivo ou complemento salarial ningún da sociedade de prevención por ningún concepto, nin os traballadores desta poderán percibilos da mutua.

As sociedades de prevención poderán concertar o desenvolvemento de actividades preventivas nas mesmas condicións e co mesmo alcance previsto para os restantes servizos de prevención alleos.»

Tres. A letra f) do artigo 13.3 queda redactada como segue:

«f) Os membros da xunta directiva, os directores xerentes, xerentes ou asimilados, ou calquera outra persoa que exerza as funcións de dirección executiva dunha mutua, non poderán exercer como administradores ou membros dos órganos de goberno das sociedades de prevención, nin exercer ou desenvolver funcións de dirección executiva de ningunha clase nas ditas sociedades, o que non afecta as funcións de intervención e representación en sede da xunta xeral das ditas sociedades, cando sexa convocada para a adopción dos acordos pertinentes.

Así mesmo, os administradores, membros dos órganos de goberno, xerentes ou asimilados ou calquera outra persoa que exerza as funcións de dirección executiva dunha sociedade de prevención estarán suxeitos, en relación coa mutua que posúa o seu capital social, ás prohibicións establecidas no artigo 76 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Será de aplicación ás sociedades de prevención, na súa condición de servizo de prevención alleo, o establecido en materia de incompatibilidades no artigo 17.c) do

Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.»

Catro. Queda derogado o número 2 do artigo 14.

Cinco. O número 3 do artigo 35 queda redactado nos seguintes termos:

«3. O director xerente non poderá comprar nin vender para si mesmo calquera activo patrimonial da entidade nin contratar coa mutua actividade mercantil ningunha, nin directamente nin por persoa ou entidade interposta.

Para estes efectos, entenderase que a operación a realiza a persoa ou entidade interposta cando sexa executada por persoa unida por vínculo de parentesco en liña directa ou colateral, consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao inclusive, por mandatario ou fiduciario, ou por calquera sociedade en que teña directa ou indirectamente unha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento do capital social ou exerza nela funcións que impliquen o exercicio de poder de decisión.»

Seis. Engádesse un título III, coa seguinte redacción:

«TÍTULO III

Colaboración e cooperación entre mutuas

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 91. *Modalidades de colaboración e cooperación entre mutuas.*

1. Coa finalidade de obter a maior eficacia e racionalización na utilización dos recursos xestionados, as mutuas poderán establecer entre si os mecanismos de colaboración e cooperación que sexan necesarios para o mellor desenvolvemento das competencias que teñen legalmente encomendadas.

2. Sen prexuízo doutras posibles fórmulas de colaboración que se puideren establecer de conformidade co número anterior para a consecución dos fins sinalados, o Ministerio de Traballo e Inmigración poderá autorizar a dúas ou máis mutuas a posta en común dos medios necesarios para o desenvolvemento da súa xestión, que poderá revestir as seguintes modalidades:

a) Entidades mancomunadas, a través das cales se poderá levar a cabo a posta en común de cantos instrumentos, medios, instalacións e servizos adscritos ás mutuas partícipes, preexistentes ou non, sexan necesarios para a maior eficacia na utilización dos recursos públicos xestionados por aquelas.

b) Centros mancomunados, para a posta en común de medios co fin de establecer instalacións e servizos sanitarios e recuperadores para a prestación da asistencia e a recuperación dos traballadores incluídos no ámbito de protección das mutuas partícipes.

3. As entidades e os centros mancomunados quedarán asimilados ás mutuas partícipes no desenvolvemento da súa actividade, a cal levarán a cabo baixo a dirección e tutela do Ministerio de Traballo e Inmigración.

Artigo 92. *Patrimonio e ausencia de lucro.*

1. Os ingresos procedentes das cotas da Seguridade Social das mutuas partícipes e os que obteñan as entidades e os centros mancomunados como consecuencia da súa xestión, así como os bens mobles ou inmoebles en que se poidan investir os ditos ingresos, forman parte do patrimonio da Seguridade Social e están afectados ao cumprimento dos fins desta.

2. Igual carácter e afectación terán os ingresos que as entidades e os centros mancomunados poidan xerar nas instalacións e servizos sanitarios e recuperadores postos en común polas mutuas partícipes, como consecuencia da dispensa de prestacións e servizos a persoas alleas ao colectivo de traballadores protexidos polas mutuas partícipes.

3. A actividade das entidades e os centros mancomunados en ningún caso poderá servir de fundamento a operacións de lucro mercantil, nin á concesión de beneficios de ningunha clase a favor das mutuas partícipes.

Para estes efectos, non terán a consideración de operacións de lucro mercantil a prestación de servizos e a realización de operacións patrimoniais por parte das mutuas partícipes a través da entidade ou centro mancomunado.

Artigo 93. Réxime xurídico.

1. Dadas as funcións que poderán asumir as entidades e os centros mancomunados, estes teñen a natureza de mutuas e están suxeitos á normativa reguladora destas, e, especificamente, á contida neste regulamento, no Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da seguridade social, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e na Lei 30/2007, do 30 de outubro, todo iso sen prexuízo das particularidades previstas neste título.

Así mesmo, estarán sometidos ao control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social, nos termos previstos na citada Lei 47/2003, do 26 de novembro, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. A resolución que autorice a constitución das entidades e centros mancomunados aprobará os correspondentes estatutos, que recollerán, necesariamente, os dereitos, obrigas, forma de financiamento polas mutuas partícipes, réxime de goberno, administración, réxime económico e funcións que se deberán desenvolver, os cales se axustarán ás prescricións contidas neste regulamento e demais normativa de aplicación.

3. Aprobada a constitución das entidades e centros mancomunados, procederase á súa inscrición no rexistro que se levará para estes efectos, dependente da Secretaría de Estado da Seguridade Social, e deberase publicar a dita inscrición no «Boletín Oficial del Estado».

4. Unha vez inscritos no rexistro, as entidades e os centros mancomunados terán personalidade xurídica propia e gozarán de plena capacidade para adquirir, posuír, gravar ou allear bens e dereitos e realizar toda clase de actos e contratos ou exercer dereitos ou accións nos mesmos termos que as mutuas partícipes, todo iso ordenado á realización dos fins que teñen encomendados e conforme o disposto neste regulamento e demais normativa de aplicación.

Artigo 94. *Réxime económico e contable.*

As entidades e os centros mancomunados confeccionarán e executarán os seus orzamentos e levarán a súa contabilidade conforme o establecido para este tipo de entidades na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 95. *Criterios de participación.*

Para os efectos do previsto no punto 2.a) do artigo 91, cando a posta en común de instrumentos, medios, instalacións e servizos se realice só entre algunhas das mutuas partícipes, poderanse establecer os criterios para determinar a participación limitada ás ditas mutuas partícipes.

Artigo 96. *Efectos nas relacións laborais das mutuas partícipes.*

Cando a constitución dunha entidade ou centro mancomunado ou a adhesión a unha entidade ou centro xa constituídos tiver algunha consecuencia nas relacións laborais dos traballadores das mutuas partícipes, a adopción das medidas relativas aos traballadores requirirá o acordo coa representación dos traballadores ou, no seu defecto, a acreditación das negociacións efectuadas para a obtención do dito acordo.

Artigo 97. *Normativa supletoria.*

En todo o non previsto neste título, será aplicable ás entidades e centros mancomunados a normativa de aplicación ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, en iguais termos que estas, no que non resulte incompatible coa súa natureza e características.

CAPÍTULO II

Entidades mancomunadas

Artigo 98. *Constitución.*

As mutuas que desexen constituír unha entidade mancomunada deberán solicitar a oportuna autorización do Ministerio de Traballo e Inmigración, e xuntarán á súa solicitude a seguinte documentación:

1. Certificación dos acordos adoptados polas xuntas xerais extraordinarias das mutuas promotoras para constituír a entidade mancomunada.
2. Relación das mutuas solicitantes, con expresión dos seguintes aspectos por cada unha delas:
 - a) Centros sanitarios, administrativos e de control da incapacidade temporal por continxencias comúns propios con que conta a mutua, con indicación da súa situación.
 - b) Número de traballadores da mutua empregados en cada un dos seus centros.
3. Estatutos cuxa aprobación se solicite.
4. Plan en que se recollan as previsións para a posta en común de instrumentos, medios, instalacións e servizos existentes adscritos ás mutuas partícipes, ou que pretenda constituír a entidade mancomunada.
5. Xustificación de que as instalacións e servizos resultantes da posta en común de medios serán suficientes e adecuados para garantir o cumprimento dos fins da colaboración na xestión da Seguridade Social das mutuas partícipes e representarán unha maior eficacia na utilización dos recursos públicos xestionados por elas.
6. Xustificación, cando proceda, do cumprimento do establecido no artigo 96.

Artigo 99. *Autorización e inscrición.*

1. O Ministerio de Traballo e Inmigración, logo de comprobación de que concorren na solicitude formulada os requisitos exixidos para a súa constitución e que os seus estatutos se axustan ao ordenamento xurídico, procederá á aprobación da constitución da entidade mancomunada e dos estatutos.

Aprobada a constitución da entidade mancomunada, procederase á súa inscrición no correspondente rexistro e á publicación subseguinte, conforme o sinalado no artigo 93.3.

2. Notificada ás mutuas solicitantes a aprobación e subseguinte inscrición da entidade mancomunada, con expresión do número de rexistro que lle corresponda, a entidade poderá comezar a súa actuación.

Artigo 100. *Contido dos estatutos.*

1. Nos estatutos das entidades mancomunadas, que deberán recoller expresamente o seu sometemento a este regulamento e demais normativa de aplicación, consignarase necesariamente:

a) Denominación, obxecto, domicilio social e duración da entidade, que poderá ser limitada.

b) Denominación das mutuas integrantes da entidade mancomunada, con expresión da porcentaxe ou cota de participación de cada unha delas na entidade.

c) Réxime xurídico, expresando, polo menos, os seguintes aspectos:

1.º Limitación das súas operacións a aquelas que teñan por finalidade a colaboración na xestión da Seguridade Social atribuída ás mutuas partícipes.

2.º Normas de goberno e funcionamento interior da entidade, detallando o número de membros que deben compoñer a súa xunta de goberno, así como as atribucións, réxime de responsabilidades, incompatibilidades e prohibicións, nomeamento, remoción e substitución daqueles e do xerente; os requisitos que se deben observar na convocatoria da xunta de goberno segundo revistan carácter ordinario ou extraordinario, as formas de representación e as condicións exixidas para a validez dos acordos.

3.º Normativa referente á modificación dos estatutos, con expresión da maioría exixida para adoptar o acordo correspondente.

d) Réxime económico-administrativo, con suxeición aos artigos correspondentes deste regulamento, expresando os seguintes aspectos:

1.º Normas sobre administración e disposición dos bens e recursos da Seguridade Social xestionados pola entidade.

2.º As achegas ordinarias e extraordinarias das mutuas partícipes e réxime aplicable a elas.

3.º A declaración da non procedencia de repartir entre as mutuas partícipes beneficios económicos de ningunha clase.

4.º A prohibición de que os membros da xunta de goberno poidan percibir, polo desempeño de tales cargos directivos, calquera clase de retribución, con excepción da compensación que se estableza pola asistencia ás reunións da xunta, nos termos que estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración.

5.º Declaración expresa de sometemento ás normas contables de aplicación ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, así como a aquelas cuxa aplicación se poida dispoñer, se é o caso, a estas entidades.

6.º Normas sobre constitución de reservas, de ser o caso, e destino previsto para estas, así como para os excedentes que se poidan xerar, de conformidade co que determine o Ministerio de Traballo e Inmigración.

2. Toda modificación dos estatutos se deberá someter á aprobación do Ministerio de Traballo e Inmigración.

Artigo 101. *Condicións para a vinculación das mutuas á entidade mancomunada.*

1. A incorporación de mutuas a unha entidade mancomunada existente suxeitarase aos trámites e condicións seguintes, independentemente do procedemento establecido para o efecto nos estatutos de cada entidade:

a) Aprobación en xunta de goberno coa maioría establecida para a modificación de estatutos, e posterior autorización polo Ministerio de Traballo e Inmigración.

b) A incorporación terá efectos no primeiro día do exercicio seguinte a aquel en que sexa autorizada.

c) A vinculación deberase manter por un período mínimo de 3 anos, salvo disolución da entidade.

2. Toda incorporación de novas mutuas á entidade existente suporá necesariamente a modificación dos estatutos, que deberán recoller as novas cotas de participación, de acordo co sinalado na preceptiva autorización ministerial.

3. As mutuas que participen dunha entidade mancomunada non poderán formar parte, pola súa vez, doutras. O Ministerio de Traballo e Inmigración debe velar polo cumprimento desta previsión, absténdose de autorizar novas incorporacións de mutuas mentres permanezan vinculadas a outra entidade.

Artigo 102. Condicións para a desvinculación de mutuas partícipes.

1. A separación de mutuas da entidade mancomunada suxeitarase aos requisitos seguintes, independentemente do procedemento establecido para o efecto nos estatutos de cada entidade:

a) A vontade de separación deberase comunicar na forma prevista estatutariamente, cunha antelación mínima de 6 meses anteriores á data de peche de exercicio.

b) A desvinculación deberá ser aprobada en xunta de goberno e autorizada polo Ministerio de Traballo e Inmigración.

c) A separación producirá efectos o primeiro día do exercicio seguinte ao da autorización.

2. Toda desvinculación da entidade mancomunada suporá necesariamente a modificación dos estatutos, que deberán recoller as novas cotas de participación de acordo co sinalado na preceptiva autorización ministerial.

3. A desvinculación supón a prohibición de se vincular a calquera outra entidade mancomunada durante un período de 2 anos. O Ministerio de Traballo e Inmigración velará polo cumprimento desta previsión, e absterase de autorizar novas incorporacións de mutuas desvinculadas mentres non transcorra este período.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, e independentemente da modificación estatutaria prevista no número 2, os estatutos da entidade poderán establecer cláusulas adicionais para evitar posibles condutas ou actividades por parte da mutua desvinculada que prexudiquen o normal desenvolvemento do obxecto social da entidade mancomunada, entre as cales cabería incluír a prohibición de contratar laboral ou mercantilmente calquera dos empregados da propia entidade ou das mutuas partícipes restantes.

Artigo 103. Exclusión de mutuas partícipes.

1. Poderase iniciar o procedemento de exclusión dunha mutua partícipe por proposta da xunta de goberno ou de calquera das restantes mutuas cando concorra algunha das seguintes causas:

a) Actuacións ou omisións notoriamente contrarias ao interese común da entidade ou que impidan ou entorpezan de xeito substancial o cumprimento do seu obxecto social.

b) Incumplimento grave por parte da mutua de calquera das obrigas asumidas en virtude do establecido neste regulamento ou nos estatutos da entidade.

c) Fusión ou absorción dunha mutua partícipe con outra ou outras distintas das que integran a entidade mancomunada, salvo que a mutua resultante se subroga nos dereitos e obrigas da partícipe, sempre que non forme parte doutra entidade mancomunada e así o autorice o Ministerio de Traballo e Inmigración.

2. Unha vez acordada e autorizada a exclusión polo Ministerio de Traballo e Inmigración aplicarase o disposto nos números 2 e 3 do artigo anterior. A data de efectos da baixa da mutua excluída coincidirá, en todo caso, co último día do exercicio en que se acorde a autorización.

Artigo 104. *Órganos de goberno e de xestión. Participación institucional.*

1. O órgano colexiado de goberno das entidades mancomunadas será a xunta de goberno, coa composición que se indica no artigo 105.1.

2. A xunta de goberno designará un xerente, ao cal corresponde a execución e seguimento da xestión ordinaria da entidade.

3. A participación institucional no control e seguimento da xestión das entidades mancomunadas levarase a cabo a través da comisión de control e seguimento de cada unha das mutuas partícipes.

Artigo 105. *Xunta de goberno.*

1. Como órgano encargado de establecer e dirixir as accións concretas que desenvolverá a entidade para alcanzar unha actuación coordinada das mutuas partícipes, de acordo coas directrices establecidas para o efecto polos órganos de goberno daquelas, a xunta de goberno estará formada polos directores xerentes ou presidentes da xunta directiva das mutuas integrantes da entidade. Formará parte da xunta de goberno un representante dos traballadores ao servizo das mutuas integrantes da entidade mancomunada, que terá plenos dereitos e será elixido por e entre os representantes dos traballadores na xunta xeral de cada unha das mutuas partícipes a que se refire o artigo 33.2.

2. A falta de disposición contraria nos estatutos, os membros da xunta de goberno desempeñarán as súas funcións por tempo indefinido.

3. A xunta de goberno, sen prexuízo do disposto no artigo 106, terá ao seu cargo a adopción e execución dos acordos propostos polos órganos de goberno das mutuas partícipes e demais funcións que se establezan nos estatutos, comprendéndose entre elas a existencia de responsabilidade ao xerente nos supostos previstos no artigo 107.

4. A composición da xunta de goberno e as normas internas sobre reunións e adopción de acordos figurarán necesariamente nos estatutos.

5. A xunta de goberno será presidida por un presidente, elixido polos membros da propia xunta, que será a persoa que exerza a superior representación da entidade. O cargo de presidente será exercido polo período que fixen os estatutos e, en todo caso, non terá unha duración inferior a un ano.

Artigo 106. *Xerente.*

1. A xunta de goberno designará un xerente, a quen corresponde a execución e seguimento da xestión ordinaria da entidade, para o cal dispoñerá das facultades que lle sexan conferidas polo citado órgano de goberno para o axeitado desenvolvemento da dirección técnica, administrativa e económica da entidade.

2. O cargo de xerente poderá ser retribuído conforme os límites aplicables aos directores xerentes das mutuas, salvo que desempeñe simultaneamente a condición de director xerente dunha das mutuas partícipes, caso en que non poderá percibir retribución ningunha pola súa xestión na entidade mancomunada.

Artigo 107. *Responsabilidade.*

1. Os estatutos establecerán necesariamente a responsabilidade dos membros da xunta de goberno, así como do xerente, e a forma de facer efectiva a dita responsabilidade. Para tal efecto, recollerase expresamente que responden fronte á Seguridade Social, a entidade mancomunada e as mutuas partícipes polo dano que causen por actos contrarios á normativa aplicable ou aos estatutos, así como polos

realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Así mesmo, deberase consignar a responsabilidade solidaria dos membros da xunta de goberno respecto dos acordos lesivos adoptados por esta, salvo que proben que, sen ter intervido na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a el.

2. A acción de responsabilidade do xerente iniciaraa a propia entidade, logo de acordo da xunta de goberno ou, de ser o caso, o Ministerio de Traballo e Inmigración. O acordo de promover a acción determinará a suspensión no cargo. Para tales efectos, calquera das mutuas partícipes poderá solicitar a convocatoria da xunta de goberno para que esta decida sobre o exercicio da acción.

3. A acción de responsabilidade dos membros da xunta de goberno iniciaraa a propia entidade, logo de acordo dos presidentes da xunta directiva das mutuas partícipes, adoptado en reunión extraordinaria convocada para o efecto.

Artigo 108. *Incompatibilidades.*

Non poderán ocupar o cargo de xerente ou levar baixo calquera outro título a dirección executiva dunha entidade mancomunada as persoas que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade establecidos neste regulamento para ocupar o posto de director xerente nunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

Artigo 109. *Prohibicións.*

Os membros da xunta de goberno das entidades mancomunadas están suxeitos ás mesmas prohibicións previstas neste regulamento para os membros da xunta directiva das mutuas.

Artigo 110. *Réxime retributivo dos membros dos órganos de goberno e de xestión.*

Os membros dos órganos de goberno e de xestión non estarán retribuídos, salvo o xerente no caso considerado no artigo 106.2, e a compensación por asistencia ás reunións da xunta de goberno, todo iso nos termos que estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración.

Artigo 111. *Disolución e liquidación.*

1. En materia de disolución e liquidación, as entidades mancomunadas axustaranse ao establecido no capítulo V do título I deste regulamento, no que non resulte incompatible coa natureza e características destas entidades.

2. Os posibles excedentes que resulten unha vez concluído o proceso liquidatorio ingresaranse, en todo caso, na Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. O Ministerio de Traballo e Inmigración poderá acordar a disolución e liquidación da entidade, no caso de que o plan de viabilidade, rehabilitación ou saneamento a que se refire o artigo 115.3 non conseguise remover as circunstancias que deron lugar á súa adopción.

Artigo 112. *Réxime económico-orzamentario.*

1. As entidades mancomunadas confeccionarán para cada exercicio económico os seus anteproxectos de orzamentos de ingresos e gastos, nos cales consignarán, coa debida separación, a totalidade dos recursos que prevexan obter e as obrigas que deban atender no dito exercicio derivadas da súa actividade, que se formularán en termos de programas.

2. Os ditos anteprojectos, así como o orzamento resultante, deberanse axustar, na súa elaboración e execución, ás normas e aos modelos que para o efecto estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración.

Unha vez aprobados os anteprojectos polos respectivos órganos de goberno, serán remitidos ao citado ministerio para, logo das actuacións que resulten necesarias de conformidade co previsto nas normas aludidas, proceder á súa integración no orzamento da Seguridade Social, para os efectos dos trámites oportunos.

3. O Ministerio de Traballo e Inmigración establecerá o procedemento para o axeitado seguimento da execución do orzamento das entidades mancomunadas, mediante a remisión a este polas citadas entidades da documentación e coa periodicidade que se determine.

Artigo 113. *Financiamento.*

1. Os recursos económicos necesarios para atender o sostemento e funcionamento da entidade estarán constituídos por:

- a) Achegas das mutuas partícipes, con cargo aos seus respectivos orzamentos.
- b) Rendementos derivados do desenvolvemento da súa actividade ordinaria.
- c) Calquera outra que resulte legalmente procedente.

2. Os indicados recursos económicos e os bens e dereitos en que se materializan forman parte do patrimonio da Seguridade Social e están adscritos á entidade para a xestión da actividade que constitúe o seu obxecto.

Artigo 114. *Achegas das mutuas partícipes.*

1. As achegas das mutuas partícipes serán ordinarias e extraordinarias.
2. As achegas ordinarias realizaranse con cargo á rúbrica orzamentaria de cada mutua partícipe habilitada para o efecto e destinaranse a financiar os gastos correntes e de capital necesarios para o normal funcionamento da entidade.
Para tales efectos, a contracción de obrigas derivadas da actividade da entidade mancomunada deberá contar coa correspondente cobertura orzamentaria. En todo caso, as obrigas que se contraían deberán selo por conta da entidade, en canto que titular dos dereitos e obrigas derivados da súa actividade.
3. As achegas extraordinarias destinaranse a financiar posibles resultados deficitarios da súa xestión. Exixirán aprobación en xunta de goberno convocada para o efecto e a conseguinte autorización do Ministerio de Traballo e Inmigración, e o inicio do procedemento de modificación orzamentaria nas mutuas partícipes de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, e demais normativa de aplicación.

Artigo 115. *Ausencia de lucro e resultados da actividade.*

1. A actividade da entidade en ningún caso poderá servir de fundamento a operacións de lucro mercantil, nin á concesión de beneficios de ningunha clase a favor das mutuas partícipes, nin supoñer a substitución da función de colaboración na xestión da Seguridade Social atribuída ás mutuas partícipes.

2. Os excedentes xerados no exercicio económico deberanse reintegrar á Seguridade Social mediante o seu ingreso na Tesouraría Xeral da Seguridade Social no prazo fixado no artigo 66.1, nos termos e co alcance e distribución que determine o Ministerio de Traballo e Inmigración.

3. Cando a entidade mancomunada teña déficit financeiro na súa xestión durante tres exercicios consecutivos, o Ministerio de Traballo e Inmigración poderá requirila para que no prazo dun mes presente un plan de viabilidade, rehabilitación ou saneamento a curto ou medio prazo, aprobado polas xuntas directivas das mutuas partícipes, en que se propoñan as axeitadas medidas financeiras,

administrativas ou doutra orde, formule previsión dos resultados e fixe os prazos para a súa execución, co fin de superar a situación que deu orixe ao dito requirimento, e garanta en todo caso os dereitos da Seguridade Social e dos traballadores protexidos polas mutuas partícipes.

A duración do plan non será superior a tres anos, segundo as circunstancias, e concretará na súa forma e periodicidade as actuacións que se deberán realizar.

O Ministerio de Traballo e Inmigración aprobarao ou denegaroo no prazo dun mes e, de ser o caso, fixará a periodicidade con que a entidade deberá informar sobre o seu desenvolvemento.

Artigo 116. *Utilización compartida de inmobles.*

1. As mutuas partícipes da entidade mancomunada poderán compartir a utilización dos inmobles pertencentes ao patrimonio da Seguridade Social que fosen adscritos a unha delas para o desenvolvemento da súa actividade, nos termos previstos no artigo 25 do Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro.

Cando o uso dun inmovible se encontre compartido por dúas ou máis mutuas, a participación destas nos gastos do inmovible será determinada en proporción á superficie que ocupe cada unha delas no inmovible.

2. O previsto no número anterior será de aplicación aos supostos en que o inmovible utilizado por dúas ou máis mutuas partícipes pertenza ao patrimonio histórico dunha delas ou se encontre arrendado a un terceiro, con suxeición, neste último caso, ao disposto na normativa que resulte de aplicación.

Artigo 117. *Utilización de inmobles pola entidade mancomunada.*

1. A entidade poderá utilizar inmobles pertencentes ao patrimonio da Seguridade Social que fosen adscritos a unha das mutuas partícipes para o desenvolvemento da súa actividade, logo de solicitude do cambio de adscrición e con suxeición ao disposto no artigo 25 do Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro.

2. No suposto de utilización pola entidade mancomunada de bens inmobles do patrimonio histórico dalgunha das mutuas partícipes, deberase formalizar o correspondente contrato de arrendamento ou de compravenda.

O arrendamento de inmobles rexerese, en todo caso, polo disposto no artigo 24 do Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro.

En caso de adquisición pola entidade, o inmovible pasará a formar parte do patrimonio da Seguridade Social e inscribirase a nome de Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de acordo co disposto no artigo 23 do Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro.

CAPÍTULO III

Centros mancomunados

Artigo 118. *Constitución, autorización e inscrición.*

1. A constitución de centros mancomunados requirirá autorización do Ministerio de Traballo e Inmigración, logo de solicitude das mutuas promotoras, á cal se xuntará a documentación sinalada no artigo 98.

2. Unha vez comprobada a concorrencia na solicitude dos requisitos exixidos para a súa constitución e que os seus estatutos se axustan ao ordenamento xurídico, o Ministerio de Traballo e Inmigración procederá a aprobar a constitución do centro mancomunado e dos estatutos.

3. Aprobada a constitución do centro mancomunado, e verificadas a súa inscrición e publicación, notificarase ás mutuas promotoras, con expresión do

número de rexistro que lle corresponda, e a partir dese momento o centro mancomunado poderá comezar a súa actuación.

Artigo 119. *Contido dos estatutos.*

O disposto no artigo 100, en canto ao contido dos estatutos das entidades mancomunadas e á súa modificación, será de aplicación aos centros mancomunados.

Artigo 120. *Órganos de goberno e de xestión. Participación institucional.*

Será de aplicación aos centros mancomunados o establecido no capítulo II do título III acerca dos órganos de goberno e de xestión e en materia de participación institucional nas entidades mancomunadas.

Artigo 121. *Disolución e liquidación.*

A disolución e liquidación dos centros mancomunados axustaranse ao disposto no artigo 111, no que non resulte incompatible coa súa natureza e características.»

Disposición adicional primeira. *Modificación do Real decreto 688/2005, do 10 de xuño, polo que se regula o réxime de funcionamento das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social como servizo de prevención alleo.*

Queda derogado o último parágrafo do número 4 da disposición transitoria segunda do Real decreto 688/2005, do 10 de xuño, polo que se regula o réxime de funcionamento das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social como servizo de prevención alleo.

Disposición adicional segunda. *Colaboración en materia de prevención de riscos laborais.*

As mutuas poderán establecer entre as súas sociedades de prevención os mecanismos de colaboración e cooperación que consideren necesarios para o desenvolvemento da súa actividade en materia de prevención de riscos laborais para calquera das empresas asociadas ás mutuas partícipes, nos termos que establezan as disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Ampliación excepcional e por unha soa vez dos convenios de asociación e dos documentos de adhesión.*

1. Tendo en conta a ampla regulación das entidades e centros mancomunados que se leva a cabo por medio deste real decreto e a necesidade de dotar de estabilidade o sector de mutuas ata que estes procesos de concentración se encontren debidamente consolidados, o prazo de vixencia do convenio de asociación previsto no número 2 do artigo 62 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, queda ampliado a tres anos de xeito excepcional e por unha soa vez.

O disposto no parágrafo anterior afectará tanto os convenios de asociación que se subscriban a partir da entrada en vigor deste real decreto como os que estean en vigor na dita data.

2. Mentres non estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración un órgano paritario para o efecto, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social poderá exceptuar da ampliación do prazo de vixencia establecida no número anterior aqueles supostos en que o cambio de mutua se encuentre debidamente xustificado a causa de deficiencias na dispensa das prestacións encomendadas ás ditas entidades, que deberán ser alegadas polo empresario no seu escrito de denuncia do convenio de asociación, ao cal se xuntará informe do comité de empresa ou delegados de persoal sobre a concorrencia de tales circunstancias.

3. A ampliación excepcional recollida no número 1 anterior resultará igualmente aplicable aos documentos de adhesión previstos no número 1 do artigo 75 do referido regulamento sobre colaboración.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación a este real decreto.*

1. As mutuas, así como as entidades e os centros mancomunados, deberán adecuar os seus estatutos ao disposto neste real decreto e sometelos á aprobación do Ministerio de Trabajo e Inmigración no prazo de seis meses contados desde a súa entrada en vigor.

2. Non obstante, as entidades e os centros mancomunados actualmente existentes poderán acordar a súa disolución e as mutuas partícipes a súa desvinculación daqueles, nos termos e condicións que establezan as disposicións de aplicación e desenvolvemento, no prazo de tres meses desde que estas entren en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítase o ministro de Trabajo e Inmigración para desenvolver o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Trabajo e Inmigración,
CELESTINO CORBACHO CHAVES